

OIX

Oficina para a Igualdade de Xénero



Facultade de Economía e Empresa
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

XORNADAS 8M

MULLER E EMPRENDEMENTO: AS NOSAS REFERENTES

Do 08 ao 11 de marzo de 2022



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Xornadas 8M
MULLER E EMPRENDEMENTO: AS NOSAS REFERENTES
A Coruña 2022

Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)
na Facultade de Economía e Empresa (FEE)

Universidade da Coruña





Xornadas 8M "Muller e emprendemento: as nosas referentes"

Ángeles Longarela Ares (ed.)

Edita: Universidade da Coruña. Servizo de publicacións. https://www.udc.es/gl/publicacions/A_Coruña, 2022.

publicacions/Nº de páxinas: 14

Índice: p. 7.

Coordina: Ángeles Longarela Ares, representante da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) na Facultade de Economía e Empresa (FEE). Universidade da Coruña.

Depósito Legal: C 931_2022

Handle (URL do RUC): <http://hdl.handle.net/2183/30841>

Editora, directora, coordinadora e organizadora:

Profa. Ángeles Longarela Ares

Comité editorial:

Profa. Ángeles Longarela Ares

Comité organizador:

Profa. Ángeles Longarela Ares

Colaboradores (por orde alfabético do primeiro apelido):

Prof. Joaquín Enríquez Díaz

Prof. Manuel Alberto Gómez Suárez

Profa. María Dolores Lagoa Varela

Profa. Carmen Socorro Lema Fernández

Prof. José López Rodríguez

Profa. Estefanía Mourelle Espasandín

Profa. María Flora Muíño Vázquez

Prof. José Javier Orosa González

Profa. María del Carmen Sánchez Sellero

Xurado dos premios aos mellores pósters:

Prof. Joaquín Enríquez Díaz

Prof. Manuel Alberto Gómez Suárez

Profa. Estefanía Mourelle Espasandín

Prof. José Javier Orosa González

Alumna Bárbara Novo del Río

Secretaría e vogal do xurado:

Profa. Ángeles Longarela Ares



Maquetación:

Ángeles Longarela Ares

Deseño de Portada:

Editada por Ángeles Longarela Ares a partir de plantilla Word.

Cita recomendada:

Longarela-Ares, Á. (ed.) (2022). *Xornadas 8M. Muller e emprendemento: as nosas referentes*.

Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) na Facultade de Economía e Empresa (FEE).

Universidade da Coruña. A Coruña. Handle: <http://hdl.handle.net/2183/30841>



Esta obra ten unha licenza [Creative Commons — Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacional — CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)



PRÓLOGO

Con motivo do Día Internacional da Muller 8M, dende a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) da Facultade de Economía e Empresa (FEE) da Universidade da Coruña (UDC) temos celebrado as Xornadas 8M “Muller e Emprendemento: As Nosas Referentes”. Dende a OIX quixose facer fincapé no eido do traballo e a muller, como tema institucional. As mulleres atópanse ao longo do desenvolvemento da súa labor profesional diversas problemáticas como a brecha salarial, a precariedade, os teitos de cristal, a conciliación laboral e familiar... Superar os atrancos que nos fomos atopando as mulleres supuxo e supón unha demostración de fortaleza, constancia e tenacidade e máis en tempos de crise. Dende a FEE, quixemos renderlle unha homenaxe a todas as mulleres emprendedoras aportando a nosa perspectiva económico-financeira, pois consideramos que a comunidade universitaria, e a sociedade en xeral, precisan referentes femininas inspiradoras que aposten por unha cultura emprendedora comprometida con valores sociais.

As Xornadas desenvolveron dende o día 8 de marzo do 2022 ata o día 11 de marzo do 2022, na Facultade de Economía e Empresa, coa conferencia inaugural en formato mixto (presencial e virtual), exposición de pósters na entrada da facultade e clausura das xornadas o 11 de marzo. O alumnado contou con tempo para a elaboración e entrega de pósters dende o 16 de febreiro ata o 7 de marzo, nos que o animamos a contarnos a historia dunha muller emprendedora da súa familia e do legado que deixou ás novas xeracións.

A conferencia inaugural foi impartida por tres emprendedoras galegas: Lucía Pérez (cantante representante de España en Eurovisión 2011), Cristina Fernández-Armesto (socia da granxa ecolóxica Casa Grande de Xanceda e premio “Empresaria de Galicia 2019”) e Mónica Conde (CEO de Animoso, marca viguesa de moda e papelería empoderante) que nos faloron das súas experiencias profesionais e das súas referentes femininas, como Victoria Fernández-Armesto, avoa de Cristina Fernández-Armesto. Coas emprendedoras, participantes e asistentes falamos da necesidade de avogar por unha cultura emprendedora que fomente a actividade empresarial baseada en valores sociais e a necesidade de apoiar as iniciativas comprometidas coa igualdade, o ecoloxismo, a educación e as condicións de traballo acordes coa conciliación familiar e laboral, entre outras. Tamén lembramos a relevancia de visibilizar a labor da muller en diversos eidos como o artístico, a contorna rural, a moda e papelería e o comercio, entre outros, e a importancia de ter referentes femininos que nos alenten a emprender e a crecer no eido profesional e no persoal.



Posteriormente á conversa coas emprendedoras, o alumnado participante que levou os premios aos mellores pósters presentou os seus traballos, premiados pola súa mensaxe, a súa calidade e a aprendizaxe vital que lles transmitiron súas avoas e que compartiron con nós. O alumnado presentou traballos de gran interese en formato póster nos que amosaron a realidade da muller galega ao longo do século XX a través da figura das súas avoas, emprendedoras que reivindicaron os dereitos da muller nuns tempos difíciles. A historia das avoas do alumnado serviu como fío conductor para debater coas persoas asistentes

sobre igualdade de xénero, machismo e feminismo no eido laboral e familiar, poñer en valor a capacidade emprendedora da muller e a súa resiliencia ante os atrancos dunha sociedade non igualitaria e comentar o papel da muller na sociedade dende as nosas devanceiras ata a actualidade, buscando as similitudes e diferenzas entre xeracións.

Considerase que a aprendizaxe que deixaron estas Xornadas foi moi positiva e enriquecedora para todas as persoas asistentes e participantes, tanto dende o eido educativo en valores como dende unha perspectiva económico-financeira, permitindo conectar vivencias de distintas xeracións e coñecer o traballo de emprendedoras recoñecidas na actualidade en Galicia.

Nesta publicación recolleemos os pósters participantes e gañadores das Xornadas 8M. Agardamos con esta publicación e co desenvolvemento das Xornadas, prestar un servizo á educación, á Universidade, e por suposto á sociedade. Salientamos e agradecemos o apoio e impulso da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), da Facultade de Economía e Empresa (FEE) e do amparo baixo a Convocatoria da Universidade Da Coruña para a Organización de Xornadas Divulgativas e Ciclos De Conferencias (Ano 2022) da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte para a celebración destas xornadas, así como o apoio de todo/as o/as colaboradore/as, da Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa, do alumnado participante, das relatoras emprendedoras e das persoas asistentes e que mostraron interese por estas xornadas.

Pódese atopar máis información sobre as Xornadas 8M e a resolución de pósters premiados na páxina web da Facultade de Economía e Empresa e en [XORNADAS8M PÓSTER MEE](#) e [CONFERENCIA 8M](#).

Ángeles Longarela Ares
Representante de Igualdade (OIX) da Facultade de Economía e Empresa (FEE)



INDICE

PÓSTERS

Feminismo Arxentino en Lugo. <i>Fernández Lodeiro, Leticia</i>	9
Miña avoa, unha loitadora. <i>Castro Pombo, Elisa</i>	11



PÓSTERS





Feminismo Arxentino en Lugo

Fernández Lodeiro, Leticia

Grao de Socioloxía

Facultade de Socioloxía UDC

leticia.fernandez.lodeiro@udc.es

RESUMO

Eu quixen falar da miña avoa quen viaxou dende Arxentina ata a cidade de Lugo para poder montar unha tenda-bar e ser a primeira muller de dita cidade en facer isto.

A pesar de ter unha formación básica ele sempre quixo saber máis e nunca lle roubaron a súas ansias de vivir e de crecer ata o punto de ser unha muller emprendedora.

A súa memoria está moi presente incluso no día de hoxe dado que deixou un legado feminista no que dicía que as mulleres tiñan que ter os seus propios cartos e aforros, mercar roupa sen sentir culpa, ler e saber facer as operacións básicas para que ningún home as tratara de menos.

A día de hoxe moitas señoras maiores que viven no meu barrio cóntanme historias de ela e como lles ensinou a valerse por si mesmas, que era unha persoa que sempre as escoitaba e que sentíanse a gusto na súa tenda-bar e é por iso que decidín contar a esta historia.

PALABRAS CLAVE: Arxentina, muller, emprendemento, tenda-bar.



IMAXE DO PÓSTER

XORNADAS 8M “MULLER E EMPRENDIMENTO: AS NOSAS REFERENTES”

Do 08 ao 11 de marzo de 2022. Facultade de Economía e Empresa da UDC.


Feminismo arxentino en Lugo

O 3 de Setembro do 1925 naceu en Bos Aires, Arxentina, María Amelia Lodeiro Peralta, a miña avoa. Ela tiña unha tenda- bar chamada Maruja, nun pequeno barrio obreiro da cidade de Lugo.



Con pouco máis de seis anos chegou a España e foise a vivir a un pobo chamado Friol. Alí aprendeu as operacións básicas, escribir e firmar pero iso nunca foi un impedimento para ela, quen quería crecer. Despois de casar deixou o seu pobo e mudouse a cidade, onde foi a primeira muller en ter un negocio propio.



A marca que deixou na nosa familia e incluso no barrio no que crecín é enorme. Sempre lles dicía as outras mulleres que aforraran para mercar as súas cousas, que tiñan dereito a vestir ben e que elas tamén traballaban e merecían un descanso. Toda esta sabedoría compartíase cunha copa na tenda-bar Maruja.

Fernández Lodeiro, Leticia
leticia.fernandez.lodeiro@udc.es
Grao de Socioloxía
Facultade de Socioloxía- UDC
 @oix.fee.udc

OIX
Oficina para a Igualdade de Xénero

 Facultade de Economía e Empresa
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Miña avoa, unha loitadora

Castro Pombo, Elisa

Grao en Educación Infantil

Facultade de Ciencias da Educación

elisa.castro.pombo@udc.es

RESUMO

A miña avoa sempre logrou todo o que se propuxo soa. Vive nunha pequena aldea, adicábase ao coidado da súa casa e dos seus 5 fillos. Dependía economicamente e para a súa mobilidade do meu avó, un home adicado ao transporte de mercancías, o cal case nunca estaba na casa.

A miña avoa xa fixera varios intentos de sacar o carné pero sempre lle dixeran que non ía ser quen de sacalo. Un día que a miña nai enfermou, tivo que andar pedíndolle aos veciños que a levaran ao médico, xa que ela non podía conducir, ese foi o momento decisivo.

Cando o meu avo chegou a casa díxolle que ía sacar o carné, gustáralle ou non, e todos lle dicían que estaba tola. A miña avoa case non durmía para atender a casa e poder ir facer prácticas de autoescola no autobús. pero conseguíuno. A miña avoa foi a primeira muller da vila en sacar o carnet.

Abriu a súa propia ferretería na súa casa, para así axudar cos gastos e poder coidar a casa. Dende ese momento non volveu necesitar a ninguén. É unha muller independente que marcou un cambio na vila.

PALABRAS CLAVE: avoa, emprendemento, ferretería, machismo, muller.




IMAXE DO PÓSTER

XORNADAS 8M
**"MULLER E EMPRENDIMENTO:
AS NOSAS REFERENTES"**
Do 08 ao 11 de marzo de 2022. Facultade de Economía e Empresa da UDC.

Miña avoa, unha loitadora


María Magdalena Rey Pallas
A Silva, (Cereda) 25-05-1949



Materiais de construción "Pallas"
A Silva, Campo da feira das nenas

A miña avoa, adicábase exclusivamente ao coidado da casa e dos seus fillos. Era tratada de tola por querer sacar o carnet e poder traballar e así non depender do meu avó. Conseguiuno. A miña avoa sacou o carnet, e grazas a iso, podía ir mercar os materiais que vendería na tenda que crearía, na parte de atrás da súa casa. O negocio fructificou, a miña avoa xa non precisaba de ninguén. Foi o meu avó quen dependía da miña avoa, deixou o seu traballo para traballar na tenda da súa muller.

Sempre tivemos a imaxe dunha muller forte, que non se rinde, a pesar do que digan os demais. Iso foi o que nos trasladou. O empoderamento, o non se deixar pisar polo feito de ser muller. A miña avoa sempre logrou os seus obxetivos, e iso foi o que nos ensinou, a non rendirse xamáis.

Castro Pombo, Elisa
elisa.castro.pombo@udc.es
Educación infantil.
Facultade de ciencias da Educación.
 @oix.fee.udc

OIX
Oficina para a Igualdade de Xénero

 Facultade de Economía e Empresa
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

